

|                                                                                      |
|--------------------------------------------------------------------------------------|
| <b>Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 23 de febreiro de 2017</b> |
|--------------------------------------------------------------------------------------|

No Pazo da Deputación Provincial de Ourense, o vinte e tres de febreiro do ano dous mil dezasete, ás nove horas, reúnese a Xunta de Goberno da Deputación baixo a presidencia de don Rosendo Luis Fernández Fernández (vicepresidente 1º), en substitución do titular don José Manuel Baltar Blanco, presidente da mencionada Deputación -que como tal é da Xunta-, cos deputados/as, dona Montserrat Lama Nóvoa, don Plácido Álvarez Dobaño, don Manuel Doval Soto, dona Ana M.ª Villarino Pardo, don Pablo Pérez Pérez e don Juan Anta Rodríguez, os que constitúen a maioría absoluta da devandita xunta, co fin de celebrar sesión ordinaria en primeira convocatoria e tratar nela os asuntos que figuraban na orde do día.

Asiste o interventor accidental, don José Mosquera Casero, xefe do Servizo de Intervención, en substitución da titular, e dá fe do acto, o vicesecretario xeral, don Juan Marquina Fuentes.

Non asiste o deputado provincial e vicepresidente 2º, don Jorge Pumar Tesouro, que escusa a súa ausencia.

Unha vez aberta a sesión pola Presidencia á mencionada hora, e despois do correspondente estudo e deliberación, adoptáronse os seguintes acordos:

**1.- ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, ORDINARIA, DO DÍA 3 DE FEBREIRO DE 2017.**- Unha vez examinada a acta da sesión ordinaria que tivo lugar o día tres de febreiro de dous mil dezasete, a **Xunta de Goberno** da Deputación **acordou**, por unanimidade, a súa aprobación, sen observacións.

**2.- RESOLUCIÓN DO CONCURSO PÚBLICO PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS ÓS CONSELLOS REGULADORES DAS DENOMINACIÓNS DE ORIXE VITIVINÍCOLAS PARA ACCIÓN DE PROMOCIÓN E XESTIÓN DURANTE O ANO 2017.**- Unha vez visto o informe-proposta da xefa da Sección de Subvencións de resolución do concurso público para a concesión de subvencións aos consellos reguladores das denominacións de orixe vitivinícolas para acción de promoción e xestión durante o ano 2017, e de conformidade coa proposta formulada, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, adopta o seguinte **acordo**:

1º) Concederlles ás seguintes entidades as subvencións polos importes que de seguido se indican:

|                                                        |             |
|--------------------------------------------------------|-------------|
| CONSELLO REGULADOR DA DENOMINACIÓN DE ORIXE MONTERREI  | 50.000,00 € |
| CONSELLO REGULADOR DA DENOMINACIÓN DE ORIXE VALDEORRAS | 50.000,00 € |
| CONSELLO REGULADOR DA DENOMINACIÓN DE ORIXE RIBEIRO    | 50.000,00 € |

|                                                                                      |
|--------------------------------------------------------------------------------------|
| <b>Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 23 de febreiro de 2017</b> |
|--------------------------------------------------------------------------------------|

|                                                           |                     |
|-----------------------------------------------------------|---------------------|
| CONSELLO REGULADOR DA DENOMINACIÓN DE ORIXE RIBEIRA SACRA | 50.000,00 €         |
| <b>TOTAL</b>                                              | <b>200.000,00 €</b> |

2º) A xustificación da subvención concedida deberá realizarse ante a Deputación antes do 31 de outubro de 2017, mediante a presentación dunha conta xustificativa, integrada polos documentos establecidos na base décimo primeira das que rexen a convocatoria de referencia.

3º) Dispor a publicación deste acordo no Boletín Oficial da Provincia.

**3.- ASUNTOS DE URXENCIA:** Non se suscitaron.

**4.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.-** Non se presentaron.

**5.- ROGOS E PREGUNTAS.-** Non se formularon.

E, ás nove horas e quince minutos, do referenciado día vinte e tres de febreiro do ano dous mil dezasete, a Presidencia dá por rematada a sesión da Xunta de Goberno, e redáctase esta acta, que se asinará segundo o legalmente establecido.

**O PRESIDENTE,**

**O VICESECRETARIO,**